

## LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Jiménez, Maruxa  
Armesto Quiroga, José Ignacio  
Bendoiro Mato, Adolfo  
Cuevas Alonso, Miguel  
Fenollera Bolívar, María Inmaculada  
Gómez Reboiro, José Luis  
González Cespón, José Luis  
López-Valeiras Sampedro, Ernesto  
Mahou Lago, Xosé María  
Montero Reguera, José Francisco  
Moure Rodríguez, María José  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Vázquez Domínguez, María Isabel

## DESCULPA ASISTENCIA

Lantarón Caeiro, Eva María  
Meis Solla, Iago  
Ramos Cabrer, Manuel  
Riobó Lois, Alexo Breogán  
Villar Lemos, María Ángeles

Acta da sesión ordinaria da Comisión de estudos propios da Universidade de Vigo do día 21 de marzo de dous mil vinte e dous, convocada para as 12:55 h en primeira convocatoria, e ás 13:00 h en segunda convocatoria na Sala de Xuntas do 3º andar do edificio Ernestina Otero e de forma virtual na Sala de Xuntas 1 da Escola Aberta de Formación Permanente no Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **21 de marzo de 2022** ás 13:00 h deu comezo a xuntanza da Comisión de Estudos Propios, presidida pola Sra. Directora da Escola Aberta de Formación Permanente, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

Punto primeiro: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2022.

Punto segundo: Informe da Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.

Punto terceiro: Aprobación, se procede, de modificacións en títulos propios.

Punto cuarto: Aprobación, se procede, da delegación de cancelacións extraordinarias dos títulos propios na Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.

Punto quinto: Aprobación, se procede, das solicitudes de creación de grupos de innovación docente.

Punto sexto: Aprobación, se procede, das propostas de títulos propios.

Punto sétimo: Asuntos de trámite.

Punto oitavo: Rogos e preguntas.

**Punto primeiro: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2022.**

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2022.

**Punto segundo: Informe da Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.**

Intervén a Directora para informar dos seguintes puntos:

- Participación na xornada “Diálogos Universidade/Maiores no século XXI, celebrada o 11 de marzo na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.
- Inicio, en breves datas, das formacións do profesorado na lingua galega en colaboración coa Área de Normalización Lingüística.
- Realización das primeiras enquisas de satisfacción do estudantado coa calidade dos títulos propios.
- Remate do prazo de solicitudes de axuda aos Grupos de Innovación Docente. Se fará unha análise das solicitudes recibidas, que serán presentadas a aprobación, se procede, na próxima comisión.
- Próxima publicación da convocatoria de experiencias piloto de innovación educativa en centros da Universidade de Vigo.

**Punto terceiro: Aprobación, se procede, de modificacións en títulos propios.**

A Directora informa da solicitude de retraso de apertura de preinscripción no curso “Valor diagnóstico e prognóstico da monitoraxe ambulatoria da presión arterial” en espera da aprobación de recoñecemento pola Consellería de Sanidade.

Apróbase a proposta de retraso na data de apertura de preinscripción por asentimento.

**Punto cuarto: Aprobación, se procede, da delegación de cancelacións extraordinarias dos títulos propios na Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.**

A Directora propón a delegación na dirección da escola das solicitudes de cancelación extraordinarias dos títulos propios presentadas polas direccións académicas sempre que cumpran os criterios da normativa, estean debidamente xustificadas e sexan urxentes, sempre condicionadas a aprobación posterior pola comisión de estudos propios.

Apróbase a delegación por asentimento.

**Punto quinto: Aprobación, se procede, das solicitudes de creación de grupos de innovación docente.**

A Directora informa das principais características das solicitudes de creación de grupos de innovación docente recibidas.

A proposta da área de innovación educativa e a dirección da Escola Aberta de Formación Permanente é:

- Non aprobar a solicitude “Innovar no aprendizaxe profesional” xa que se trata dunha proposta sobre o deseño de prácticas extra curriculares nunha mención dual, sen outros obxectivos relevantes en metodoloxías innovadoras no ámbito educativo.
- Non aprobar a solicitude “Innovación educativa en tecnoloxía electrónica” ao tratarse dunha proposta moi restrinxida a mellora de prácticas académicas nun ámbito moi concreto.
- Aprobar a proposta “MeReLing – Metodoloxías e recursos para o ensino de linguas” condicionada a unha concreción dos seus obxectivos para a súa renovación.
- Aprobar a proposta “CIMAcademic”.

Apróbase a proposta da área de innovación educativa e a dirección da Escola Aberta de Formación Permanente por asentimento.

**Punto sexto: Aprobación, se procede, das propostas de títulos propios.**

A Directora informa da proposta de curso de formación universitaria “Análise avanzado da información (Microsoft Excel)” e explica as principais características e contidos da documentación presentada.

Apróbase a proposta por asentimento

A Directora informa da proposta de curso de formación universitaria “Fundamentos de deseño técnico con Solidworks (primeira edición)” e explica as principais características e contidos da documentación presentada.

Apróbase a proposta por asentimento

A Directora informa da proposta de curso de formación universitaria “Fundamentos de deseño técnico con Solidworks (segunda edición)” e explica as principais características e contidos da documentación presentada.

Apróbase a proposta por asentimento

A Directora informa da proposta de curso de formación universitaria “Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS” e explica as principais características e contidos da documentación presentada. No informe do curso figura unha advertencia relativa a que, coa nova normativa, non parece viable manter a proposta de plan de estudos modular, cun módulo común e dous módulos de especialidade.

A Directora propón non aprobar a proposta presentada e instar á dirección do curso que a revise e adapte á nova normativa.

Non se aproba esta proposta por asentimento

**Punto sétimo: Asuntos de trámite.**

Non hai asuntos de trámite.

**Punto décimo terceiro: Rogos e preguntas.**

Non hai rogos nin preguntas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 h do día 21 de marzo de 2022, da que eu como secretario dou fe co visto e prace da Presidenta da Comisión de Estudos Propios.

A presidenta da Comisión de Estudos  
Propios

O secretario da Comisión de Estudos  
Propios

María José Moure Rodríguez

José Ignacio Armesto Quiroga